

ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA ESTÉTICA DE GRUPO

OURENSE, 21/02/2025

1. CALENDARIO.

Establécense as datas e sedes das distintas competicións autonómicas da modalidade:

- Campionato Galego Ximnasia Estética de Grupo: 7 ou 8 de xuño en Ourense. Non será Open.

2. TECNIFICACIÓN 2025.

O orzamento aprobado na Asamblea co que se contará para 2025 será de 1.638 €. Dito orzamento está suxeito a presentación e realización do seguinte proxecto de tecnificación, presentado e acordado polo Comité autonómico:

Antecedentes: Este ano celebrábase o Campionato do Mundo e o Campionato de Europa de Ximnasia Estética de Grupo en Bulgaria e Belgrado, respectivamente, no cal teñen previsto participar algún equipo galego se acada a clasificación.

Propostas:

1. Apoiar economicamente aos equipos seleccionados para participar no Campionato do Mundo e Europa cos diversos custes derivados da súa asistencia ao mesmo: inscrición, aloxamento, manutención, desprazamento, etc.

A lista definitiva de seleccionados que formarán participarán publicárase pola RFEG, no caso do Europeo entre abril e maio e no caso de no Mundial despois do Campionato de España.

2. Que se sufraguen os gastos derivados da realización de controis previos ao Nacional, Europeo e Mundial para revisar os exercicios dos equipos galegos que teñan previsto participar. O primeiro control podería realizarse o 13 ou 26 de abril.

Estimamos a metade do presuposto total para o punto 1. e a outra metade para o punto 2.

Xustificación de gastos: Tódolos gastos deberán ser xustificados ca correspondente factura acreditativa do mesmo para poder ser abonados con cargo a tecnificación.

2. SUXERENCIAS E PREGUNTAS

Dna. Rut Balbís suxire que para visibilizar a modalidade se poidan facer exhibicións en determinadas competicións autonómicas de ximnasia rítmica onde participen a maioría de clubs galegos. Respostaselle que non habería ningún inconveniente en que se fagan sempre que os horarios da competición o permitan, por exemplo, poderían realizar exhibición no Campionato Galego Escolar de Conxuntos que se celebrará en Ferrol.

A Federación informa que se convocará curso de xuíz nacional da modalidade para ter xuíces na nosa CCAA para as competicións, posterior a celebración do curso da RFEG.